

## O estraño caso das antenas de telefonía móbil

A partir do mes de setembro de 2011, a instancia dunha queixa realizada pola Asociación de Veciños de Chapela nunha reunión que mantivemos con eles, procedemos a traballar na situación das antenas de telefonía móbil no Concello de Redondela.

O primeiro paso foi pedir por rexistro a situación de ditas antenas. Tras recibir a situación das mesmas, descubrimos que máis da metade están en situación irregular: carecen de licenza, non se lle practican medicións, etc.

Temos que engadir que o 18 de febreiro do 2008 o Valedor do Pobo amoestou a varios alcaldes, entre eles o de Redondela, polas antenas de telefonía ilegais, lembrándolles que segundo a Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística de Galiza e segundo o Regulamento de Actividades Molestas, Nocivas e Perigosas, son os concellos os que deben evitar os funcionamentos irregulares.

Curiosamente, en Chapela suspenderon en tan só 4 días a instalación dunha das que máis requisitos cumpría, a situada na Avenida de Redondela nº81 (ano 2007). Por que?

No pleno de novembro de 2011 levamos a seguinte pregunta:

*“Dispersas polo noso Concello atopámonos arredor dunhas 25 antenas de telefonía móbil, das cales polo menos un 50% carecen de licenza, sempre segundo datos do propio Concello.*

*Sabendo que a presenza destas antenas xeneran receo nos veciños ante os seus posibles efectos secundarios,*

*Teñen pensado regularizar a situación destas antenas?*

*Estudaron a posibilidade de esixir ás compañías que compartan as antenas reducíndoas así a menos da metade?*

*Teñen pensado esixirle ás compañías telefónicas que alonxen as súas antenas o máximo posible dos núcleos urbanos?”*

**O concelleiro Pazos Couñago responde que se está a traballar no tema das antenas de telefonía, aínda que non ten claro que se poida estudar o segundo punto, e o terceiro parécelle moi complexo.**

O día 6 de febreiro de 2012, o Presidente do Consello Parroquial de Chapela introduce na orde do día un punto sobre as antenas de telefonía móbil. Dende AER puxémonos a investigar pola nosa conta como está o asunto e encontramos o seguinte.

O día 11 de outubro de 2011 o Concello adxudicou e o 31 de Outubro formalizou un contrato coa empresa “Eventyam Ingenieros S.L” por un valor de 9000€ anuais para diferentes funcións, como poden ser:

- Realización de informes sobre expedientes de actividades relacionadas co obxecto do contrato.
- Asesoramento para a legalizacións de estacións de telefonía móbil ou outros sistemas de telecomunicacións.
- Apoio ao seguimento dos Plans de implantación dos operadores
- Control a través de medicións radioeléctricas antes e despois das implantacións, ou cando algunha demanda social o precise.
- Revisión e análise de alegacións perante algunha nova normativa do Concello do Redondela.

Os informes ou actuacións requiridas terían que realizarse, en todo caso, no prazo de 10 días dende que se formulara o requirimento por parte do Concello; agás que pola complexidade do asunto, a xuízo do Concello, se realizara unha ampliación de dito prazo.

Con esta información, no Consello Parroquial de Chapela, AER preguntou a Miguel Angel Ballesteros (concelleiro de medio ambiente e sanidade e presidente do consello parroquial) cantos informes se fixeran nos últimos catro meses e que dicían ditos informes. A resposta foi que a persoa que ten a función de realízalos leva 4 meses de baixa. Tanto Miguel coma Teresa Paris (representante do PP no Consello Parroquial de Chapela) pensaban que este traballo o tiña que realizar unha persoa do Concello de Redondela, descoñecían que o Concello contratara unha empresa para esta función, e ademais, segundo se desprende da resposta do señor Pazos á pregunta no pleno, el tampouco tiña nin idea.

**A indignación de AER con este tema é enorme, o Concello de Redondela paga 9000€ a unha empresa e 4 meses despois non hai nin un só informe nin nada sobre a situación das antenas e varios membros do goberno local descoñecían a existencia do mesmo.**

O pasado mércores 8 de Febreiro o noso concelleiro (Jorge Varela) acude ao Concello pedir explicacións, e recibe a mesma resposta, que a persoa que ía facelo está de baixa. Acaso dende o Concello non saben que eles mesmos contrataron unha empresa privada e que esa baixa non é escusa? Ou será que o problema é que o Concello en 4 meses aínda non pediu informe ningún á empresa e esta non ten a obriga de facelos?

Despois de que AER informase sobre esta situación, o Departamento de Alcaldía convócanos o día 16 as 14:00 para tratar o tema das antenas de telefonía móbil. Agardamos á reunión para seguir informando publicamente do que suceda na mesma.

ENLACES:

[http://www.redondela-server.net/web/images/stories/contratacion/PA\\_servizo\\_asesoramentotelecomunicacion2011.pdf](http://www.redondela-server.net/web/images/stories/contratacion/PA_servizo_asesoramentotelecomunicacion2011.pdf)

[http://www.redondela-server.net/web/images/stories/contratacion/Adxudicacin\\_asesoramento\\_telecomunicacion.pdf](http://www.redondela-server.net/web/images/stories/contratacion/Adxudicacin_asesoramento_telecomunicacion.pdf)

[http://www.redondela-server.net/web/images/stories/contratacion/Anuncio\\_cto\\_telecomunicacins.pdf](http://www.redondela-server.net/web/images/stories/contratacion/Anuncio_cto_telecomunicacins.pdf)

AGRUPACION DE ELECTORES DE REDONDELA.